



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tecnoloxías Lingüísticas

Materia	Tecnoloxías Lingüísticas			
Código	V01M126V01104			
Titulación	Máster Universitario en Lingüística Aplicada			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Gómez Guinovart, Francisco Xavier			
Profesorado	Gómez Guinovart, Francisco Xavier			
Correo-e	xgg@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Esta materia prepara o alumnado na comprensión dos conceptos e das técnicas utilizadas no procesamento informático da linguaxe, e no uso das ferramentas, aplicacións e recursos de tecnoloxía lingüística.			

Competencias

Código	
A2	Que os/as estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A4	Que os/as estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os/as estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B1	Capacitación dos estudantes para que adquiren coñecementos lingüísticos especializados e habilidades para analizar criticamente as propostas máis relevantes no ámbito dos estudos lingüísticos.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B3	Capacidade dos/as estudantes no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos, así como indicar a súa utilidade na práctica profesional e investigadora.
B4	Capacidade dos/as estudantes para abrir vías de investigación novidosas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais
B5	Capacidade dos/as estudantes para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o máster
C7	Capacidade para aplicar os coñecementos lingüísticos adquiridos aos problemas do mundo profesional (docencia, asesoramento e mediación lingüística, tradución, lexicografía, planificación lingüística.
C10	Capacidade no manexo das diferentes tecnoloxías lingüísticas que conforman a actual sociedade do coñecemento: dicionarios electrónicos, correctores e tradutores automáticos, e sistemas de aprendizaxe de lingua asistida por ordenador.
D3	Utilización das ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
D5	Comprensión da importancia da cultura emprendedora e coñecemento dos medios ao alcance das persoas emprendedoras.
D6	Valoración crítica do coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
D8	Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Capacidade para aplicar os coñecementos lingüísticos adquiridos aos problemas do mundo profesional (docencia, asesoramento e mediación lingüística, tradución, lexicografía, planificación lingüística[]).	A2 A4 B2 B3 B4 C7 C10 D3 D5 D6 D8
Capacidade no manexo das diferentes tecnoloxías lingüísticas que conforman a actual sociedade do coñecemento: dicionarios electrónicos, correctores e tradutores automáticos, e sistemas de aprendizaxe de lingua asistida por ordenador.	A2 A5 B1 B3 B4 B5 C7 C10 D3 D6 D8

Contidos

Tema	
Lingua e Sociedade do coñecemento	Tecnoloxías lingüísticas e procesamento da lingua natural (PLN) Panorámica das aplicacións das tecnoloxías lingüísticas e do PLN
Escritura asistida por ordenador	Corrección ortográfica, léxica, gramatical e estilística Correctores en procesadores de textos Correctores en liña
Dicionarios electrónicos	Concepto de dicionario electrónico Dicionarios en soporte informático e en liña Deseño e explotación de dicionarios electrónicos Presentación de proxectos en curso
Tradución automática	Tradución automática (TA) e tradución asistida por ordenador Sistemas de TA baseados en regras Sistemas de TA baseados en estatística Memorias de tradución
Aprendizaxe de linguas asistido por ordenador	Sistemas de aprendizaxe de linguas Compilación e explotación de corpus de aprendices (learner corpus) Uso de programas de concordancias na aprendizaxe de linguas asistido por ordenador

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	7	10	17
Traballos tutelados	0	18	18
Prácticas autónomas a través de TIC	0	8	8
Sesión maxistral	8	24	32

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Formúlanse exercicios relacionados coa materia, e o estudantado debe resolvelos aplicando os coñecementos asimilados nas clases.
Traballos tutelados	Traballo individual de curso sobre un aspecto concreto do programa da materia.
Prácticas autónomas a través de TIC	Prácticas autónomas de ferramentas, aplicacións ou recursos obxecto de estudo da materia.
Sesión maxistral	Exposición, por parte do profesorado da materia, dos contidos obxecto de estudo ou das actividades que ten que desenvolver o alumnado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	O profesorado supervisará o traballo realizado polo alumnado durante a realización na aula de exercicios e problemas sobre os contidos da materia e durante o proceso de elaboración do traballo tutelado.
Traballos tutelados	O profesorado supervisará o traballo realizado polo alumnado durante a realización na aula de exercicios e problemas sobre os contidos da materia e durante o proceso de elaboración do traballo tutelado.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Resolución de problemas e/ou exercicios	Avaliación dos exercicios prácticos e problemas realizados en clase sobre os contidos da materia	20	A2 A4	B3 B4	C7 C10	D3 D6
Traballos tutelados	Traballo individual sobre algún aspecto concreto dos contidos da materia	65	A2 A4 A5	B1 B2 B3 B4	C7 C10	D3 D6
Sesión maxistral	Valorarase a asistencia e participación nas clases	15	A4 A5	B2 B5	C10	D6 D8

Outros comentarios sobre a Avaliación

Na segunda edición das actas, o alumnado poderá presentar unha nova versión do traballos que non obtivesen o nivel suficiente. Nesta "segunda oportunidade", en caso de cualificación insuficiente nos outros apartados, a nota do traballo constituirá o 100% da cualificación final.

Para o alumnado con dispensa de asistencia, a puntuación alcanzada polo traballo suporá o 100% da nota final, tanto na primeira coma na segunda oportunidade.

Bibliografía. Fontes de información

Cal, M., P. Núñez & I. Palacios (eds.) (2005), *Nuevas tecnologías en lingüística, traducción y enseñanza de lenguas*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.

Hutchins, W.J. & H.L. Somers (1995), *Introducción a la traducción automática*, Madrid: Visor.

Lavid, J. (2005), *Lenguaje y nuevas tecnologías: nuevas perspectivas, métodos y herramientas para el lingüista del siglo XXI*, Madrid: Cátedra.

Martí, M.^a A. (coord.) (2003), *Tecnologías del lenguaje*, Barcelona: UOC.

Ruiz, J. C. (2005), [Lenguaje e informática/Lenguaje y ordenadores], en Á. López & B. Gallardo (eds.), *Conocimiento y lenguaje*, València: Universitat, 401-436.

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA

Clark, Alexander, Chris Fox e Shalom Lappin (eds.) (2010). *The Handbook of Computational Linguistics and Natural Language Processing*. Malden: Wiley-Blackwell.

Indurkha, N. & F.J. Damerau (eds.) (2010), *Handbook of Natural Language Processing*, Boca Ratón, FL: CRC.

Jurafsky, D. & J. H. Martin (2009), *Speech and Language Processing. An Introduction to Natural Language Processing, Computational Linguistics and Speech Recognition*, Upper Saddle River, NJ: Pearson Prentice Hall.

Martí, M.^a A. & J. Llisterra (eds.) (2004), *Tecnologías del texto y del habla*, Barcelona: Edicions Universitat de Barcelona.

Mitkov, R. (ed.), (2003), *The Oxford Handbook of Computational Linguistics*, Oxford University Press

Recomendacións

Outros comentarios

Nesta materia, a asistencia activa ás sesións presenciais constitúe un elemento clave na adquisición de competencias por parte do alumnado, polo que se recomenda a presenza e participación activa na aula.

Para superar a materia é necesario o traballo constante do alumnado, tanto nas sesións presenciais como no seu traballo persoal fóra da aula.

O alumnado deberá consultar o espazo web da materia con regularidade, xa que este será o medio principal de comunicación e de entrega de materiais por parte do profesor.
